	13/2014	3,13	7,50	5,56																																																																	
Humanidades	15/2016	8,89	10,10	9,52																																																																	
	14/2015	28,33	24,69	27,66																																																																	
Xeografía e Historia	15/2016	35,14	38,33	38,96																																																																	
	14/2015	49,48	52,50	54,84																																																																	
CC. Experimentais	15/2016	6,67	4,50	5,63																																																																	
	14/2015	82,47	96,69	101,83																																																																	
I04-DO	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado	-	-	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Orientación educativa</th> <th>1º</th> <th>Homes</th> <th>Mulleres</th> <th>Global</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>15/2016</td> <td>4,69</td> <td></td> <td>4,69</td> <td>4,69</td> </tr> <tr> <td>14/2015</td> <td>4,22</td> <td>4,17</td> <td>4,10</td> <td>4,22</td> </tr> <tr> <td>13/2014</td> <td>4,19</td> <td>3,47</td> <td>4,44</td> <td>4,19</td> </tr> <tr> <th>Humanidades</th> <th>1º</th> <th>Homes</th> <th>Mulleres</th> <th>Global</th> </tr> <tr> <td>15/2016</td> <td>3,55</td> <td>3,46</td> <td>3,58</td> <td>3,55</td> </tr> <tr> <td>14/2015</td> <td>3,78</td> <td>3,71</td> <td>3,83</td> <td>3,78</td> </tr> <tr> <th>Xeografía e Historia</th> <th>1º</th> <th>Homes</th> <th>Mulleres</th> <th>Global</th> </tr> <tr> <td>15/2016</td> <td>-</td> <td>-</td> <td>-</td> <td>-</td> </tr> <tr> <td>14/2015</td> <td>3,60</td> <td>3,74</td> <td>3,50</td> <td>3,60</td> </tr> <tr> <th>CC Experimentais</th> <th>1º</th> <th>Homes</th> <th>Mulleres</th> <th>Global</th> </tr> <tr> <td>15/2016</td> <td>3,70</td> <td>3,57</td> <td>3,92</td> <td>3,70</td> </tr> <tr> <td>14/2015</td> <td>3,61</td> <td>3,70</td> <td>3,59</td> <td>3,61</td> </tr> </tbody> </table> <p>Non hai resultados dalgúns cursos porque non sempre a UVigo adaptou o calendario para pasar as enquisas ao Mestrado, xa que neste os cuadrimestres non coincide co establecido para os Graos.</p>	Orientación educativa	1º	Homes	Mulleres	Global	15/2016	4,69		4,69	4,69	14/2015	4,22	4,17	4,10	4,22	13/2014	4,19	3,47	4,44	4,19	Humanidades	1º	Homes	Mulleres	Global	15/2016	3,55	3,46	3,58	3,55	14/2015	3,78	3,71	3,83	3,78	Xeografía e Historia	1º	Homes	Mulleres	Global	15/2016	-	-	-	-	14/2015	3,60	3,74	3,50	3,60	CC Experimentais	1º	Homes	Mulleres	Global	15/2016	3,70	3,57	3,92	3,70	14/2015	3,61	3,70	3,59	3,61
Orientación educativa	1º	Homes	Mulleres	Global																																																																	
15/2016	4,69		4,69	4,69																																																																	
14/2015	4,22	4,17	4,10	4,22																																																																	
13/2014	4,19	3,47	4,44	4,19																																																																	
Humanidades	1º	Homes	Mulleres	Global																																																																	
15/2016	3,55	3,46	3,58	3,55																																																																	
14/2015	3,78	3,71	3,83	3,78																																																																	
Xeografía e Historia	1º	Homes	Mulleres	Global																																																																	
15/2016	-	-	-	-																																																																	
14/2015	3,60	3,74	3,50	3,60																																																																	
CC Experimentais	1º	Homes	Mulleres	Global																																																																	
15/2016	3,70	3,57	3,92	3,70																																																																	
14/2015	3,61	3,70	3,59	3,61																																																																	
I05-DO	Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino		3 sobre 5	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>2014/1015</th> <th>2015/2016 (\bar{x} ítem 3)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>M. Profesorado Secundaria</td> <td>2,56</td> <td>2,28</td> </tr> <tr> <td>Fde CCEE</td> <td>3,07</td> <td>3,11</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	2014/1015	2015/2016 (\bar{x} ítem 3)	M. Profesorado Secundaria	2,56	2,28	Fde CCEE	3,07	3,11																																																								
Curso	2014/1015	2015/2016 (\bar{x} ítem 3)																																																																			
M. Profesorado Secundaria	2,56	2,28																																																																			
Fde CCEE	3,07	3,11																																																																			
I06-DO	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Mellorar a planificación e desenvolvemento da titulación	$\geq 3,5$ sobre 5	<table border="1"> <thead> <tr> <th>2014/2015</th> <th>Home</th> <th>Muller</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Mestrado Profesorado Secundaria</td> <td>3,67</td> <td>4,33</td> <td>4,00</td> </tr> <tr> <td>Fde CCEE</td> <td>4,05</td> <td>4,08</td> <td>4,06</td> </tr> </tbody> </table> <p>Non hai resultados específicos para este indicador nos cursos anteriores e posterior</p>	2014/2015	Home	Muller	Total	Mestrado Profesorado Secundaria	3,67	4,33	4,00	Fde CCEE	4,05	4,08	4,06																																																					
2014/2015	Home	Muller	Total																																																																		
Mestrado Profesorado Secundaria	3,67	4,33	4,00																																																																		
Fde CCEE	4,05	4,08	4,06																																																																		

I07-DO	Grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino das persoas tituladas		Non se puido establecer a meta, pois os resultados centralizados dispoñibles non eran suficientes no momento en que se definiu.	<table border="1"> <thead> <tr> <th>2015/2016</th> <th>\bar{x} ítems</th> <th>\bar{x} Título</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Mestrado Profesorado Secundaria</td> <td>2,67</td> <td>2,73</td> </tr> </tbody> </table>	2015/2016	\bar{x} ítems	\bar{x} Título	Mestrado Profesorado Secundaria	2,67	2,73																										
2015/2016	\bar{x} ítems	\bar{x} Título																																		
Mestrado Profesorado Secundaria	2,67	2,73																																		
I08-DO	Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	-	-	<table border="1"> <thead> <tr> <th>2015/2016</th> <th>* \bar{x} ítem 7</th> <th>\bar{x} Título</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Mestrado Profesorado Secundaria</td> <td>3,89</td> <td>2,73</td> </tr> </tbody> </table> <p>* Dato extraído das enquisas de egresados-as que fai referencia a utilidade das prácticas externas. Preséntanse estes resultados porque non hai una enquisa específica sobre as prácticas.</p>	2015/2016	* \bar{x} ítem 7	\bar{x} Título	Mestrado Profesorado Secundaria	3,89	2,73																										
2015/2016	* \bar{x} ítem 7	\bar{x} Título																																		
Mestrado Profesorado Secundaria	3,89	2,73																																		
I09-DO	Alumnado de intercambio	-	-	Non houbo alumnado de intercambio en ningún dos cursos analizados																																
I010-DO	Duración media dos estudos		Graos: 4-4,5 anos; Mestrados: 1-1,5 anos	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Home</th> <th>Muller</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015/2016</td> <td>1,00</td> <td>1,08</td> <td>1,04</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td>1,00</td> <td>1,12</td> <td>1,06</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td>1,00</td> <td>1,00</td> <td>1,00</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td>1,00</td> <td>1,07</td> <td>1,03</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Home	Muller	Total	2015/2016	1,00	1,08	1,04	2014/2015	1,00	1,12	1,06	2013/2014	1,00	1,00	1,00	2012/2013	1,00	1,07	1,03												
Curso	Home	Muller	Total																																	
2015/2016	1,00	1,08	1,04																																	
2014/2015	1,00	1,12	1,06																																	
2013/2014	1,00	1,00	1,00																																	
2012/2013	1,00	1,07	1,03																																	
I011-DO	Taxa de rendemento		≥ 80%	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Home</th> <th>Muller</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015/2016</td> <td>97,95%</td> <td>97,59%</td> <td>97,76%</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td>99,13%</td> <td>98,10%</td> <td>98,53%</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td>93,83%</td> <td>98,75%</td> <td>96,63%</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td>91,33%</td> <td>96,12%</td> <td>93,28%</td> </tr> <tr> <td>2011/2012</td> <td>84,90%</td> <td>96,95%</td> <td>93,21%</td> </tr> <tr> <td>2010/2011</td> <td>95,11%</td> <td>100,00%</td> <td>97,50%</td> </tr> <tr> <td>2009/2010</td> <td>94,66%</td> <td>94,97%</td> <td>94,83%</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Home	Muller	Total	2015/2016	97,95%	97,59%	97,76%	2014/2015	99,13%	98,10%	98,53%	2013/2014	93,83%	98,75%	96,63%	2012/2013	91,33%	96,12%	93,28%	2011/2012	84,90%	96,95%	93,21%	2010/2011	95,11%	100,00%	97,50%	2009/2010	94,66%	94,97%	94,83%
Curso	Home	Muller	Total																																	
2015/2016	97,95%	97,59%	97,76%																																	
2014/2015	99,13%	98,10%	98,53%																																	
2013/2014	93,83%	98,75%	96,63%																																	
2012/2013	91,33%	96,12%	93,28%																																	
2011/2012	84,90%	96,95%	93,21%																																	
2010/2011	95,11%	100,00%	97,50%																																	
2009/2010	94,66%	94,97%	94,83%																																	
I012-DO	Taxa de abandono		10-15%	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Home</th> <th>Muller</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015/2016</td> <td>4,55%</td> <td>0,00%</td> <td>2,00%</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td>0,00%</td> <td>5,88%</td> <td>2,44%</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td>0,00%</td> <td>0,00%</td> <td>0,00%</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td>0,00%</td> <td>0,00%</td> <td>0,00%</td> </tr> <tr> <td>2011/2012</td> <td>0,00%</td> <td>0,00%</td> <td>0,00%</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Home	Muller	Total	2015/2016	4,55%	0,00%	2,00%	2014/2015	0,00%	5,88%	2,44%	2013/2014	0,00%	0,00%	0,00%	2012/2013	0,00%	0,00%	0,00%	2011/2012	0,00%	0,00%	0,00%								
Curso	Home	Muller	Total																																	
2015/2016	4,55%	0,00%	2,00%																																	
2014/2015	0,00%	5,88%	2,44%																																	
2013/2014	0,00%	0,00%	0,00%																																	
2012/2013	0,00%	0,00%	0,00%																																	
2011/2012	0,00%	0,00%	0,00%																																	

I013-DO	Taxa de eficiencia		≥ 90%	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Home</th> <th>Muller</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015/2016</td> <td>100,00%</td> <td>99,22%</td> <td>99,55%</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td>100,00%</td> <td>98,80%</td> <td>99,28%</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td>100,00%</td> <td>99,50%</td> <td>99,80%</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Home	Muller	Total	2015/2016	100,00%	99,22%	99,55%	2014/2015	100,00%	98,80%	99,28%	2013/2014	100,00%	100,00%	100,00%	2012/2013	100,00%	99,50%	99,80%											
Curso	Home		Muller	Total																															
2015/2016	100,00%		99,22%	99,55%																															
2014/2015	100,00%		98,80%	99,28%																															
2013/2014	100,00%	100,00%	100,00%																																
2012/2013	100,00%	99,50%	99,80%																																
I014-DO	Taxa de graduación	≥50%	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Home</th> <th>Muller</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015/2016</td> <td>95,83%</td> <td>93,33%</td> <td>94,44%</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td>86,36%</td> <td>100,00%</td> <td>94,00%</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td>91,67%</td> <td>87,50%</td> <td>90,00%</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td>84,62%</td> <td>93,55%</td> <td>90,91%</td> </tr> <tr> <td>2011/2012</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> </tr> <tr> <td>2010/2011</td> <td>93,75%</td> <td>89,47%</td> <td>91,43%</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Home	Muller	Total	2015/2016	95,83%	93,33%	94,44%	2014/2015	86,36%	100,00%	94,00%	2013/2014	91,67%	87,50%	90,00%	2012/2013	84,62%	93,55%	90,91%	2011/2012	100,00%	100,00%	100,00%	2010/2011	93,75%	89,47%	91,43%				
Curso	Home	Muller	Total																																
2015/2016	95,83%	93,33%	94,44%																																
2014/2015	86,36%	100,00%	94,00%																																
2013/2014	91,67%	87,50%	90,00%																																
2012/2013	84,62%	93,55%	90,91%																																
2011/2012	100,00%	100,00%	100,00%																																
2010/2011	93,75%	89,47%	91,43%																																
I015-DO	Taxa de éxito	≥90%	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Home</th> <th>Muller</th> <th>Total</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015/2016</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> <td>100,00%</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td>100,00%</td> <td>99,03%</td> <td>99,59%</td> </tr> <tr> <td>2011/2012</td> <td>99,26%</td> <td>99,78%</td> <td>99,63%</td> </tr> <tr> <td>2010/2011</td> <td>98,35%</td> <td>100,00%</td> <td>99,17%</td> </tr> <tr> <td>2009/2010</td> <td>100,00%</td> <td>98,75%</td> <td>99,32%</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Home	Muller	Total	2015/2016	100,00%	100,00%	100,00%	2014/2015	100,00%	100,00%	100,00%	2013/2014	100,00%	100,00%	100,00%	2012/2013	100,00%	99,03%	99,59%	2011/2012	99,26%	99,78%	99,63%	2010/2011	98,35%	100,00%	99,17%	2009/2010	100,00%	98,75%	99,32%
Curso	Home	Muller	Total																																
2015/2016	100,00%	100,00%	100,00%																																
2014/2015	100,00%	100,00%	100,00%																																
2013/2014	100,00%	100,00%	100,00%																																
2012/2013	100,00%	99,03%	99,59%																																
2011/2012	99,26%	99,78%	99,63%																																
2010/2011	98,35%	100,00%	99,17%																																
2009/2010	100,00%	98,75%	99,32%																																
I016-DO	Tempo medio para atopar emprego	Non se puido establecer a meta, pois os resultados centralizados dispoñibles non eran suficientes no momento en que se definiu.	A única información dispoñible é a que figura no documento: https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/informe/adjunto/download/065123e7174040e5bf5941eeffbb940d983bfe9e Os poucos resultados existentes son globais do ámbito xurídico-social																																
PROCEDEMENTOS SOPORTE																																			
I01-PE	Porcentaxe de PAS en formación	Mellorar a cualificación do PDI e do PAS	≥ 75	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>NO</th> <th>SI</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015</td> <td>22,64%</td> <td>77,36%</td> </tr> <tr> <td>2014</td> <td>13,56%</td> <td>86,44%</td> </tr> <tr> <td>2013</td> <td>31,58%</td> <td>68,42%</td> </tr> <tr> <td>2012</td> <td>0,00%</td> <td>100,00%</td> </tr> <tr> <td>2011</td> <td>54,24%</td> <td>45,76%</td> </tr> <tr> <td>2010</td> <td>33,33%</td> <td>66,67%</td> </tr> </tbody> </table>	Ano	NO	SI	2015	22,64%	77,36%	2014	13,56%	86,44%	2013	31,58%	68,42%	2012	0,00%	100,00%	2011	54,24%	45,76%	2010	33,33%	66,67%										
Ano	NO	SI																																	
2015	22,64%	77,36%																																	
2014	13,56%	86,44%																																	
2013	31,58%	68,42%																																	
2012	0,00%	100,00%																																	
2011	54,24%	45,76%																																	
2010	33,33%	66,67%																																	

I02-PE	Cualificación do PDI		Non se puido establecer a meta, pois os resultados centralizados dispoñibles non eran suficientes no momento en que se definiu.	<table border="1"> <thead> <tr> <th rowspan="2">Curso</th> <th colspan="8">Categorías profesorado</th> <th rowspan="2">Total</th> <th rowspan="2">Dr/a</th> </tr> <tr> <th>CU</th> <th>CEU</th> <th>TU</th> <th>TEU</th> <th>CD</th> <th>AD</th> <th>AX</th> <th>PI/V</th> <th>AS</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>15-16</td> <td>1</td> <td></td> <td>12</td> <td></td> <td>6</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>9</td> <td>28</td> <td>23</td> </tr> <tr> <td>14-15</td> <td>1</td> <td></td> <td>10</td> <td></td> <td>5</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>8</td> <td>24</td> <td>19</td> </tr> <tr> <td>13-14</td> <td>2</td> <td>1</td> <td>13</td> <td></td> <td>5</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>8</td> <td>29</td> <td>24</td> </tr> <tr> <td>12-13</td> <td>1</td> <td></td> <td>6</td> <td></td> <td>1</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>1</td> <td>9</td> <td>9</td> </tr> <tr> <td>11-12</td> <td></td> <td></td> <td>3</td> <td>1</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> <td>2</td> <td>6</td> <td>5</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Categorías profesorado								Total	Dr/a	CU	CEU	TU	TEU	CD	AD	AX	PI/V	AS	15-16	1		12		6				9	28	23	14-15	1		10		5				8	24	19	13-14	2	1	13		5				8	29	24	12-13	1		6		1				1	9	9	11-12			3	1					2	6	5
Curso	Categorías profesorado								Total	Dr/a																																																																										
	CU	CEU	TU	TEU	CD	AD	AX	PI/V			AS																																																																									
15-16	1		12		6				9	28	23																																																																									
14-15	1		10		5				8	24	19																																																																									
13-14	2	1	13		5				8	29	24																																																																									
12-13	1		6		1				1	9	9																																																																									
11-12			3	1					2	6	5																																																																									
I03-PE	Resultados de investigación de carácter académico. Sexenios reais fronte a sexenio potenciais.		Non se puido establecer a meta, pois os resultados centralizados dispoñibles non eran suficientes no momento en que se definiu.	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Sexenios obtidos</th> <th>Sexenios potenciais</th> <th>*Sexenios obtidos/potenciais</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2015/2016</td> <td>20</td> <td>45</td> <td>44,44%</td> </tr> <tr> <td>2014/2015</td> <td>16</td> <td>36</td> <td>44,44%</td> </tr> <tr> <td>2013/2014</td> <td>34</td> <td>65</td> <td>52,31%</td> </tr> <tr> <td>2012/2013</td> <td>7</td> <td>16</td> <td>43,75%</td> </tr> <tr> <td>2011/2012</td> <td>3</td> <td>4</td> <td>75,00%</td> </tr> <tr> <td>2010/2011</td> <td>0</td> <td>0</td> <td>0,00%</td> </tr> </tbody> </table> <p>Data do informe: 29 de novembro de 2016</p> <p>*Ao poderse solicitar sexenios con carácter retrospectivo (méritos de investigación realizados en datas anteriores á lectura de teses) existe a posibilidade de que o número de sexenios potenciais de un PDI sexa inferior ao número de sexenios obtidos. Nestes casos, o cociente considerarase a unidade.</p>	Curso	Sexenios obtidos	Sexenios potenciais	*Sexenios obtidos/potenciais	2015/2016	20	45	44,44%	2014/2015	16	36	44,44%	2013/2014	34	65	52,31%	2012/2013	7	16	43,75%	2011/2012	3	4	75,00%	2010/2011	0	0	0,00%																																																				
Curso	Sexenios obtidos	Sexenios potenciais	*Sexenios obtidos/potenciais																																																																																	
2015/2016	20	45	44,44%																																																																																	
2014/2015	16	36	44,44%																																																																																	
2013/2014	34	65	52,31%																																																																																	
2012/2013	7	16	43,75%																																																																																	
2011/2012	3	4	75,00%																																																																																	
2010/2011	0	0	0,00%																																																																																	

2.1.2. Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais (http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/alumnado/encuestas_alumnado/)

Grupos de interese	Titulacións do centro	Resultados participación	Satisfacción xeral Curso 2015-16 (Global título)	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems/ epígrafes peor valorado
Alumnado	Grao E. Infantil	28,57%	3,13/5	Ítem 1 (3,43/5)	Ítem 2 (2,91/5)
	Grao E. Primaria	48,72%	2,91/5	Ítem 1 (3,27/5)	Ítem 2 (2,57/5)
	Grao E. Social	37,12%	3,29/5	Ítem 1 (3,88/5)	Ítem 2 (2,94/5)
	Grao T. Social	26,80%	3,17/5	Ítem 1 (3,73/5)	Ítem 2 (2,77/5)
	M. Dificultades	69,23%	3,85/5	Ítem 1 (4,17/5)	Ítem 2 (3,49/5)
	M. Diversidade	34,69%	3,13/5	Ítem 4 (3,48/5)	Ítem 2 (2,94/5)
	M. Pf. Secundaria	33,33%	2,37/5	Ítem 1 (2,96/5)	Ítem 6 (1,85/5)
Profesorado *2014/15 (resultados bianuais, non están dispoñibles aínda os do curso 2015-16)	Grao E. Infantil	52,94%	3,86/5	Satisfacción cos obxectivos e competencias (4,13/5)	Satisfacción coa xestión da calidade (3,62/5)
	Grao E. Primaria	53,49%	3,71/5	Satisfacción cos obxectivos e competencias (3,98/5)	Satisfacción coa xestión da calidade (3,45/5)
	Grao E. Social	56,41%	4,04/5	Satisfacción cos obxectivos e competencias (4,61/5)	Satisfacción cos recursos humanos (3,40/5)
	Grao T. Social	64,86%	4,09/5	Satisfacción cos obxectivos e competencias (4,33/5)	Satisfacción cos recursos humanos (3,73/5)
	M. Dificultades	69,23%	4,54/5	Satisfacción cos Recursos Humanos (4,63/5)	Satisfacción coa orientación ao estudantado (antes ind. 72) (4,36/5)
	M. Diversidade	60,00%	4,30/5	Satisfacción cos obxectivos e competencias (4,58/5)	Satisfacción cos recursos humanos (3,95/5)
	M. Pf. Secundaria	57,89%	3,97/5	Satisfacción cos obxectivos e competencias (4,23/5)	Satisfacción coa orientación ao estudantado (antes ind. 72) (3,66/5)
Persoas tituladas	Grao E. Infantil	19,75%	3,10/5	Ítem 7 (4,67/5)	Ítem 3 (2,56/5)
	Grao E. Primaria	22,22%	3,27/5	Ítem 7 (4,60/5)	Ítem 4 (2,50/5)
	Grao E. Social	32,61%	3,18/5	Ítem 7 (4,27/5)	Ítem 6 (2,67/5)
	Grao T. Social	37,78%	3,34/5	Ítem 7 (4,40/5)	Ítem 4 (2,40/5)
	M. Dificultades	41,67%	3,85/5	Ítem 10 (4,60/5)	Ítem 11 (3,20/5)
	M. Diversidade	43,75%	3,11/5	Ítem 10 (4,00/5)	Ítem 3 (2,00/5)
	M. Pf. Secundaria	16,36%	2,47/5	Ítem 10 (4,11/5)	Ítem 3 (1,78/5)
PAS	Grao E. Infantil	Participación 36,36 %. Non hai datos por titulación, é o resultado da participación por Centro.	3,11/5	Satisfacción coa información xeral sobre o centro e as súas titulacións (3,58/5)	Satisfacción cos recursos humanos (2,63/5)
	Grao E. Primaria				
	Grao E. Social				
	Grao T. Social				
	M. Dificultades				
	M. Pf. Secundaria				

LEENDA:

Alumnado	Persoas tituladas
Ítem 1. Obxectivos e competencias Ítem 2. Orientación ao estudantado Ítem 4. Recursos materiais e servizos Ítem 6. Xestión da Calidade	Ítem 3: A información e orientación académica (para a continuación dos estudos) Ítem 4: A orientación profesional e laboral Ítem 6: As metodoloxías de ensino aprendizaxe Ítem 7: A utilidade das prácticas académicas externas Ítem 10: Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca) Ítem 11: A adecuación da formación recibida ás expectativas iniciais

2.1.3. Indicadores por materia

2.1.3.1. Resultados globais de materias por titulación

Neste apartado achéganse os resultados globais, en porcentaxes, dos últimos dous cursos académicos (véxase a seguinte táboa).

Panel de indicadores por materia		Titulacións do Centro	Resultados globais Curso 2015/16	Resultados globais Curso 2014/15
IM01	Taxa de éxito	Grao en Ed. Infantil	94,74%	95,00%
IM02	Taxa de avaliación		92,87%	94,41%
IM03	Taxa de rendemento		87,99%	89,68%
IM01	Taxa de éxito	Grao en Ed. Primaria	94,89%	94,79%
IM02	Taxa de avaliación		90,97%	92,85%
IM03	Taxa de rendemento		86,32%	88,01%
IM01	Taxa de éxito	Grao en Ed. Social	96,70%	95,35%
IM02	Taxa de avaliación		91,73%	88,95%
IM03	Taxa de rendemento		88,70%	84,81%
IM01	Taxa de éxito	Grao en Tb. Social	90,71%	90,80%
IM02	Taxa de avaliación		91,25%	90,27%
IM03	Taxa de rendemento		82,78%	81,97%
IM01	Taxa de éxito	Mestrado en Dificultades	100,00%	100,00%
IM02	Taxa de avaliación		94,07%	94,74%
IM03	Taxa de rendemento		94,07%	94,74%
IM01	Taxa de éxito	Mestrado en Diversidade	99,75%	99,44%
IM02	Taxa de avaliación		89,20%	87,49%
IM03	Taxa de rendemento		88,98%	87,00%
IM01	Taxa de éxito	Mestrado en Adolescentes (en proceso de extinción, por baixa voluntaria)	100,00%	100,00%
IM02	Taxa de avaliación		66,67%	84,92%
IM03	Taxa de rendemento		66,67%	84,92%
IM01	Taxa de éxito	Mestrado de Secundaria	100,00%	100,00%
IM02	Taxa de avaliación		97,76%	98,53%
IM03	Taxa de rendemento		97,76%	98,53%

2.1.3.2. Análise e valoración dos resultados de cualificación por materia/titulación

De seguido realízase a análise e valoración de cada un dos títulos do Centro. Buscando entre as materias que máis se apartan do valor medio por titulación e facendo unha análise e reflexión dos resultados ao longo dos últimos anos, cabe indicar o seguinte:

TÍTULOS DE GRAD

- **Grao en Educación Infantil**

As taxas de rendemento global do grao de Educación Infantil presentan porcentaxes moi satisfactorias encontrándose, en xeral, con resultados que se sitúan ao redor do 90% (tal como se pode ver na táboa anterior). Centrando a análise na taxa de rendemento de cada unha das materias, obsérvase que no curso 2015-16 os resultados atópanse nun rango de entre o 78% (Ética e Deontoloxía Profesional) ao 100%. Como excepcións hai que referirse ás

materias Comunicación: Lingua Galega (61%) e o TFG (59%), que se ben presentan niveis máis baixos, comparativamente co contexto xeral da Universidade de Vigo, as súas taxas de rendemento son aceptables.

Hai que destacar que a materia de TFG conta cun rendemento do 59% e a taxa de éxito sitúase no 100%. Isto como consecuencia de que os estudantes presentan o su TFG cando consideran que están suficientemente preparados para a súa defensa, de feito conseguen superar todos a materia. Así mesmo isto vese reforzado polo papel exercido polo titor/a do TFG, cuxa función ademais da orientación ao estudante é a de realizar a supervisión e a avaliación previa do traballo, servindo de filtro para asegurar o éxito na presentación. O alumnado só recibe o visto e prace do titor/a cando os traballos superan os criterios mínimos para a súa defensa, que se reflicten nunha rúbrica de avaliación. O que fai que as taxas de rendemento e avaliación teñan uns valores inferiores ás de éxito.

Por outra parte, a materia do Prácticum é importante analizala e valorala dada a carga de créditos que ten no plano de estudos (48 créditos ECTS). Os datos revelan que esta materia presenta unhas excelentes taxas de rendemento, éxito e avaliación, moi próximas en todos os casos ao 100%, desde a súa implantación no curso 2012-13. O estudantado é avaliado con moi boas cualificacións polos titores dos centros de prácticas. A diferenza doutros plans de estudo, o Título de Graduado/a en Infantil pola UVigo contempla a realización do Prácticum unha vez superado o 70% das competencias de formación básica, o que supón unha garantía para que o alumnado se aproxime ao contexto real de intervención con boas posibilidades e se atope adecuadamente capacitado.

En canto ás porcentaxe de cada nivel de cualificación calculado a partir dos resultados de todas as materias que conforman o título ao longo dos curso 12-13, 13-14 e 14-15, os resultados revelan que a cualificación de “Notable” presenta a porcentaxe máis elevada (47%), do que pode deducirse que aproximadamente a metade do alumnado matriculado nas diferentes materias alcanza os resultados de aprendizaxe cun nivel de valoración comprendido entre 7 e 8,9 puntos. A porcentaxe de alumnado que supera as materias cun nivel de “Aprobado” sitúase no 22%. A cualificación de “Sobresaliente” presenta unha porcentaxe do 15,9%. Por último, cabe indicar a elevada porcentaxe de Sobresaliente na materia de Prácticum, probablemente motivado polas razóns anteriormente mencionadas.

• Grao en Educación Primaria

Analizadas as taxas de éxito por materia, os resultados son globalmente satisfactorios. A taxa máis frecuente sitúase ao redor do 100% no histórico dos tres últimos cursos (unha vez implantadas todas as materias). Máis do 86% das materias do Grao de Primaria atópanse por riba do 90% de éxito. Este dato é un indicador de que as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación contribúen axeitadamente á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos.

En relación coas taxas de rendemento por materia, os resultados son tamén vantaxosos. A taxa máis frecuente sitúase ao redor do 90%. Nótase un lixeiro descenso no curso 2015-16, baixando a porcentaxe de materias que superan o 80%. Con todo, estes resultados mostran que, en xeral, o desenvolvemento do plan de estudos se axusta ao perfil do alumnado e a planificación das materias permite a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos.

Cabe referir que a materia do Prácticum e a do Traballo Fin de Grao, desenvolvéndose ambas no último curso do Grao, resultan ter bos indicadores, o que demostra que o estudiantado adquiriu as competencias previstas para obter o Título. En xeral o Prácticum presenta unhas excelentes taxas de rendemento, éxito e avaliación (100%), desde a súa implantación no curso 2012-13. O estudiantado é avaliado polos-as titores-as dos centros con moi boas cualificacións e, nunha ampla proporción (supera o 70%), obtiveron a cualificación de Sobresaliente no curso 2014-2015.

En canto ao TFG, a taxa de éxito sitúase no 100% ao longo dos últimos tres cursos, probablemente motivado polo feito de que para a súa avaliación o alumnado require do visto e prace do seu titor/a, o que supón un filtro de calidade para os traballos que pasan a ser defendidos ante o tribunal cualificador. Analizadas as cualificacións obtidas polo alumnado no TFG obsérvase que non hai suspensos e que a porcentaxe máis alta de cualificacións se agrupa en torno ao Notable.

• Grao en Educación Social

Temos que referir as materias que saen do rango máis frecuente, durante catro cursos consecutivos: *Mediación en conflitos e situacións de violencia*, *Programas de animación sociocultural* e *Traballo Fin de Grao*. Tamén cabe resaltar algunhas materias polos seus bos resultados ao longo de dous ou tres cursos consecutivos como é o caso de *Socioloxía: Socioloxía da educación e Discapacidade e educación social*.

A taxa de rendemento xeral da Titulación de Educación Social nos dous último cursos atópase próxima ao 90%, producíndose un incremento no último curso académico. Dito incremento, no curso académico 2015/2016, pasa de 17 a 25 materias que superan ese rango. Entre as materias que rexistran unha taxa de rendemento do 100% no curso 2015/2016 estaría *Educación para o lecer e o tempo libre* e no curso 2014/2015 *Investigación-Acción na práctica socioeducativa* e *Discapacidade e Educación Social*. En canto ás taxas de rendemento máis baixas, atopámonos a materia de *Traballo Fin de Grao* (curso 2015/2016). A súa taxa de rendemento mostra un descenso no curso 2014/2015 obtendo unha taxa de 53%, con respecto ao curso 2013/2014 (que foi do 63%) e volve mellorar no curso 2015/2016 (58%). Outra das materias que obtén a taxa máis baixa de rendemento no curso 2013/2014, é a materia obrigatoria de *Programas de Animación Socio-cultural* (58%). Con todo, se analizamos a evolución desta materia é positiva, xa que no curso 2014/2015 e o curso 2015/2016 obtivo unha taxa de rendemento do 70% e 77%, respectivamente.

Na Titulación de Educación Social a taxa de éxito é moi alta desde a implantación do Título. A taxa de éxito da Titulación, na súa evolución histórica, supera a meta prevista global do Centro (≥ 90). Obtívose unha taxa de éxito que supera o 90% en todos os cursos desde o 2009/2010, situándose nos tres últimos anos ao redor do 95%; e en particular elevouse máis no curso 2015/2016, no que se obtén a taxa máis alta desde a implantación do título, superando levemente a obtida globalmente polo Centro. Estes datos son bastante satisfactorios xa que evidencian que a maioría do alumnado adquire as competencias previstas.

• Grao en Traballo Social

No caso do Grao de Traballo Social os resultados académicos (taxa de éxito) é moi alta dende a implantación do Título e mantense estable ao redor do 90%. A análise da evolución histórica da taxa de éxito das materias da titulación permítenos facer algunhas reflexións e valoracións:

- A taxa de éxito máis frecuente nos últimos cursos académicos sitúase no rango de 90-99%, e só se reduciu lixeiramente esta taxa no curso académico 2015/16, pasando de 23 a 21 materias nese rango.
- A taxa de éxito que ocupa o segundo lugar, nos últimos cursos académicos, sitúase no rango do 100%. Son 13 materias no curso 2013/2014, 9 no curso 2014/2015 e 11 materias no curso 2015/2016.
- En relación ás materias que obteñen unha taxa de éxito entre o 80-89% serían: 5 no curso 2013/2014; 6 no curso 2014/2015; e 6 no curso 2015/2016.
- No rango 70-79% temos dúas materias no curso académico 2013/14, tres no curso 2014/15 e unha materia no curso académico 2015/16.
- No rango que vai entre o 60-69% só hai dúas materias no curso 2013/14, unha no 2014/15 e dúas no curso académico 2015/16.
- No rango que vai entre o 50-59% só hai unha materia no curso académico 2015/16.
- Son bastantes as materias que nos últimos anos (curso académico 2014/15 e 2015/16) rexistran unha taxa de éxito do 100%. Comentamos algunhas particularidades dalgunha delas: manteñen o 100% na taxa de éxito nos dous cursos mencionados 4 materias optativas: Traballo social e mediación, Avaliación de programas sociais, Sistemas de benestar social comparados, e Xeriatria para traballadores sociais; unha materia obrigatoria de 3º curso - Políticas públicas en España- e o Prácticum, materia obrigatoria de 4º curso.
- Entre as taxas de éxito máis baixas no curso académico 2015/16 están cun 57% a materia de Servizos sociais especializados II, materia obrigatoria de 2º curso, e Epistemoloxía do Traballo social, materia obrigatoria de 1º curso, cun 60%. En ámbolos dous casos, a diminución da taxa de éxito é puntual, xa que logo nos cursos anteriores superaban o 80% as dúas.
- A materia de Psicoloxía: Desenvolvemento humano do ciclo vital, materia de formación básica de 2º curso, é porén unha materia cunha evolución na taxa de éxito descendente nos últimos 4 anos: cun 84%

- no 2012/13, un 74% no 2013/14, un 72% no 2014/15 e un 63% no 2015/16.
- Outra materia que obtén taxas de éxito relativamente baixas de xeito continuado é *Conceptos, teorías e métodos en traballo social* (Obrigatoria de 2º curso) cunha taxa de éxito no curso 2013/2014 do 69%, no 2014/15 do 71% e no 2015/16, dun 73%, pero á inversa da materia anterior, vai aumentando progresivamente cada ano a súa taxa de éxito.
 - As Taxas de éxito do Prácticum é do 100% en todos os anos, xa que o alumnado está moi implicado na súa realización, acadando con éxito os obxectivos e as competencias desta materia.
 - A taxa de éxito do TFG foi do 100% todos os anos, agás no 2014/15 cunha taxa do 98% por un suspenso. Isto é normal xa que á presentación dos TFG lle precede a “autorización” do titor/a para a súa defensa, circunstancia que dalgún xeito garante, en xeral, o aprobado ao alumnado.

Se valoramos a evolución histórica da satisfacción xeral do alumnado de Traballo social, temos que comentar que nos anos avaliados comezou cun 4,95 (sobre 7) no ano 2011/12, descendeu lixeiramente nos dous anos seguintes (2012/13- 4,18; 2013/14- 4,15) e continuou subindo o curso 2014/15 posicionándose en 2,96 sobre 5 (isto é no histórico sobre 7 correspondería a 5,92) para situarse no curso 2015/16 nun 3,17 sobre 5 (no histórico sobre 7, un 6,34). Deste xeito, podemos afirmar que o grao de satisfacción xeral do Título de Traballo social non deixou de incrementarse nos últimos anos.

Lembremos os datos dalgúns outros ítems relacionados cos resultados de aprendizaxe como a “satisfacción cos obxectivos e competencias” que na enquisa de alumnado do curso 2014/15 obtivo un 3,32 (sobre 5), e que no curso 2015/16 pode ser equiparada ao ítem “competencias adquiridas” que subiu a un 3,58 para o alumnado de Traballo social superando así a media do Centro (3,22 sobre 5). Non existe cadro histórico anterior para poder avaliar este ítem no pasado.

En definitiva, observamos que a satisfacción xeral do alumnado de Traballo social é boa, obtendo como media de todas as respostas na enquisa de avaliación no curso 2015/16, un 3,17 (sobre 5), o que supera a media do Centro (3,12) e a do ámbito xurídico-social ao que pertence (3,12), así como as outorgadas aos Graos da Uvigo (2,96) e a global da propia Universidade de Vigo cun 3,15. Os índices de satisfacción dos-as egresados-as co Título no curso 2015/2016, tamén foi moi satisfactoria cun 3,34 (sobre 5).

No que respecta aos resultados de aprendizaxe, son de resaltar o nivel de satisfacción dos-as egresados-as coas “competencias adquiridas” cun 3,4 sobre 5; por outra parte cabe sinalar a “utilidade das prácticas académicas externas” (4,40/5), un dato moi significativo porque revalida que a súa aprendizaxe cumpre co perfil de egreso do Título implantado.

TÍTULOS DE MESTRADO

• Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

As taxas de rendemento (94,07%), avaliación (94,07%) e éxito (100%) do Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos correspondentes ao curso 2015-2016 son moi satisfactorias, e véñense mantendo ao redor dos valores referidos no histórico.

Analizadas as taxas de éxito por materia, todas son do 100%. Os estudantes superaron todas as materias ás que se presentaron. As taxas de avaliación e rendemento por materia tamén son satisfactorias. Todas son do 100%, excepto a materia Traballo Fin de Mestrado que é do 73%. A diferenza entre a taxa de éxito, avaliación e rendemento do TFM probablemente se deba a que é necesaria a autorización dos/as titores/as para a súa defensa, polo que só se presentan aqueles traballos que cumpren os requisitos e contan co nivel necesario para superar a materia.

Por outra banda, as datas da defensa do TFM coincidiu cos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestras/os e algúns estudantes optaron por defender o seu TFM nunha convocatoria posterior. No curso 2015-2016, catro estudantes indicáronlle ás súas titoras/é que se presentaban ás oposicións e pospoñían a defensa do TFM. Cabe sinalar que tres dos estudantes matriculados eran profesionais que buscaban unha formación especializada, compatibilizando ademais a vida familiar, estudos e traballo, co cal lle resultou complicado, polo que non conseguiron superar o TFM ese mesmo curso académico.

• Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Neste Mestrado, o que máis se aparta dos resultados medios é o *Traballo Fin de Mestrado*. A taxa de éxito nos dous últimos cursos está moi próxima ao 100%. No caso do TFM, cando se presenta demostra sempre ter a calidade necesaria para a súa defensa, polo que todos os presentados superaron esta materia con éxito. O problema radica en que unha parte importante do alumnado se matricula nesta materia pero, finalmente, non se presenta, dando lugar a unha taxa de rendemento e avaliación inferior. No caso do curso 14-15 esa taxa inferior considérase que foi debida a que nese ano saíu un importante número de prazas para a oposición de mestres, polo que algúns estudantes decidiron presentarse ás mesmas, deixando de lado, naquel momento, a finalización do TFM. No curso 15-16 incrementouse considerablemente a taxa, pero aínda así consideramos que pode ser mellorable. Os motivos poden ser diversos, pero posiblemente estean relacionados co tipo de alumnado do mestrado, persoas que simultanean estes estudos con outras actividades formativas e/ou laborais. Cando teñen problemas de dedicación exclusiva aos estudos do Mestrado, sempre elixen pospoñer a materia de TFM, porque se sitúa no segundo cuatrimestre e pola esixencia inherente desta, de contar con todas as demais aprobadas.

• **Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas**

Na mesma tónica dos demais mestrados, no de Profesorado de Secundaria a taxa de éxito obtida (100%), en particular nos últimos cursos é altamente satisfactoria. As taxas de avaliación e rendemento, con resultado tamén próximos ao 100%, son moi gratificantes. Estes resultados indican que a titulación no seu conxunto se está desenvolvendo de xeito adecuado.

Facendo unha análise pormenorizada das respectivas materias deste mestrado, atopamos que só hai avaliacións con “Non presentado” nas materias “Prácticas Externas” e “TFM”, e ademais existe no itinerario de Xeografía e Historia unha única persoa que non superou a materia de “Prácticas externas” no curso 2015/2016. Neste caso, a razón foi que o alumno compatibilizaba traballo e estudos e a súa situación laboral impediulle poder adaptarse ao horario das prácticas no centro de secundaria.

No último curso analizado (15/16), na materia do TFM dúas persoas do itinerario de tecnoloxía, catro persoas do itinerario de xeografía e cinco persoas do itinerario de orientación teñen un Non Presentado nesta materia. Esta situación debeuse no caso do alumno xa referido a que non se puido presentar por non ter superadas as prácticas, xa que ter todas as materias superadas é un dos requisitos para poder presentarse á defensa do TFM. Os outros 10 alumnos/as, contan con casuísticas variadas pero pódese establecer como un dos motivos desta situación a incompatibilidade que supoñen os estudos e a conciliación da vida laboral coa familiar. Con todo, é recomendable facer un seguimento destas materias (Prácticas externas e TFM) para tratar de ofrecer posibles alternativas de cara a próximos cursos.

2.1.4. Datos relativos a QSP recibidas

O Centro dispuxo xa durante o curso 2015-16 dun [aplicativo dixital para a xestión de QSP](#) que permite tanto a presentación anónima coma nominal das mesmas. Independentemente de que se os usuarios o solicitan tamén a Facultade atende de xeito tradicional as QSP que poidan chegarlle a través do rexistro administrativo físico.

O procedemento de QSP no curso 2015-16 desenvolveuse de acordo co establecido, atendendo as directrices do procedemento correspondente (Xestión das QSP: Cód. MM-02 P1), e en todo caso tratando de solucionar as problemáticas manifestadas polos-as usuarios-as. En función das características das QSP, tal como recolle o procedemento de Xestión das QSP (Cód. MM-02 P1) teñen asumido a súa resposta os membros do equipo decanal (en función das súas competencias), coordinador/a da titulación, dirección do departamento etc.

Cabe indicar que de forma sistemática desde o curso académico 2010-11 ao 2015-16 lévase seguindo o procedemento segundo o establecido polo SGIC. A análise global da información tamén se ten feito, unha vez finalizado cada curso, e emprégase para facer a respectiva reflexión e valoración nos distintos Seguimentos de Título e no [Informe Anual de Resultados/ Informe de Revisión](#)

[pola Dirección](#) (na web do Centro expóñense estes documentos), co obxecto de mellorar o conxunto do Centro.

Na análise histórica das QSP viñéronse contemplando os seguintes aspectos:

- Tipoloxía
- Titulación coa que está asociada
- Data de presentación
- Data de resolución
- Sector
- Contido
- Resposta/Resolución emitida.
- Etc.

Na seguinte táboa preséntase unha análise, de tipo cualitativa, sobre as QSP do curso 2015-16 tendo basicamente en conta a súa:

- Tipoloxía
- Titulación
- Data de emisión
- Sector/colectivo
- Extracto de contido
- Resposta emitida.

Análise cualitativa sobre queixas, suxestións e parabéns (curso 2015-16)

TIPO	TITULACIÓN	DATA	SECTOR	EXTRACTO DO CONTIDO	RESPOSTA EMITIDA
Queixa	Curso ponte en Trballo Social	07/01/2016	Alumno	Problemática coa opción non presencial dunha materia, e co programa correspondente a mesma.	A resposta emitida polo-a profesor/a da materia aclara o xeito de avaliación da materia obxecto da queixa.
Queixa	Mestrado en Profesorado de Secundaria	19/01/2016	Alumno	Queixa sobre un profesor, fundamentalmente referida a metodoloxía docente. Para a persoa que presenta a queixa dita metodoloxía é cuestionable e nalgún caso dificulta o desenvolvemento nunha materia. Ademais alúdese ao trato pouco empático do docente co alumnado.	Consultado o profesor e tendo en conta o carácter anónimo da opinión vertida no aplicativo, conclúese que existe inconsistencia nos argumentos e ausencia de evidencias, polo que non se determinan actuacións concretas máis aló de contar coa reflexión do docente sobre as cuestións obxecto da queixa. Neste sentido o docente comprometeuse a reflexionar sobre a queixa e tratar de mellorar.
Queixa	Grao de Educación Social	01/02/2016	Alumno	A falta de menos de 12 horas para a revisión dunha materia, non se proporcionaron as horas de revisión para poder acudir o alumnado que o desexase, polo que o alumno expresou malestar ao haber xente que non pode perder o día se vive lonxe da cidade ou ten que traballar.	Consultada esta situación coa profesora da materia, expuxo que a data da revisión estaba fixada desde o inicio do curso pero recoñeceu que cometeu un erro ao non comunicar ao alumnado o horario concreto de revisión, entendendo no seu momento que isto non era preciso dado que ía dedicar toda a mañá a este labor. Con relación ao horario de titorías, a ausencia durante a tarde do día 1 de febreiro debeuse a circunstancias persoais sobrevidas e documentalmente xustificadas ante a dirección do Departamento. Tanto a profesora como a dirección do Departamento piden desculpas ao alumnado por todos os inconvenientes que se poidan ter causado e, igualmente, lembran que para calquera tipo de dúbidas en relación coa materia ou cos horarios o profesorado está sempre dispoñible para o alumnado vía correo electrónico. Por outro lado, a CGIC aprobou un protocolo para recoller unha evidencia cando unha situación dese tipo se produza, e evitar así contradicións entre o relatado polo profesorado e alumnado.

Suxestión	Grao en Educación Social	17/02/2016	Alumno	Suxestión no referente a unha materia da que figura material en faitic, que non é específico da mesma. Ao respecto súxírese que se suban os documentos en setembro e non a principios de febreiro para poder empezar as prácticas antes, contando coa información pertinente. Así mesmo recoméndase que se amplíe a documentación en faitic.	Dáselle resposta á súa suxestión comentándolle que se procede a realizar cambios na plataforma e na documentación coa finalidade de ofrecer maior claridade e información para axudar ao alumnado.
Queixa	Grao en Educación Social	11/02/2016	Alumno	Unha vez comunicada, prodúcese un cambio na cualificación polo docente sen consenso coa alumna.	Ante a queixa presentada, o docente revisa novamente a cualificación da alumna e opta por rectificala e en consecuencia realizar unha corrección de Acta, coa que manifesta o seu acordo a estudante.
Queixa	Grao en Educación Social	09/03/2016	Alumno	Non conformidade coa substituta dun profesor, por baixa médica, nunha materia. Un alumno mostra a súa desconformidade facendo referencia, sobre todo, á maneira en como desenvolve a docente de substitución a metodoloxía da materia.	A profesora de substitución, a petición do decanato, presentou un informe detallado, do que se desprende que non existen anomalías e posteriormente o alumnado manifestou verbalmente as desculpas á docente.
Suxestión	Mestrado en Profesorado de Secundaria	24/05/2016	Alumno	Súxírese a: Actualización de información administrativa na web; a ampliación do tempo de prescrición no mestrado; e o recoñecemento dalgunha maneira para dar preferencia aos estudantes procedentes da UVigo a hora de matricularse no Mestrado de Profesorado.	Solucionouse o problema da actualización de información. Agradécéronse as suxestión e manifestouse a intención de sometelas a estudo ou analizar as posibilidades de viabilidade.
Parabéns	Facultade de CCEE	01/06/2016	Persoal docente e investigador (PDI)	Alumnado de ERASMUS felicita polas saídas a rutas diversas de interese, tanto á Facultade, coma ao coordinador, así coma o resto do profesorado.	A Facultade recibe con moito agrado este tipo de parabéns.
Parabéns	Un Profesor da Facultade	03/06/2016	Persoal de administración e servizos (PAS)	Parabén a un profesor desta Facultade por ser premiado cun dos premios Peña Novo 2016, e polo súa permanente entrega a proxectos en defensa da cultura e idioma galego.	É unha honra contar entre os premiados cun profesor deste Centro. Os máis sentidos parabéns tamén desde a Facultade de CC. da EE. polo Premio e o agradecemento ao constante labor cultural que desenvolve.
Queixa	Grao en Traballo social	07/06/2016	Alumno	Queixas sobre o enfoque da clase nunha materia.	Comunicada a queixa, a dirección do Departamento solicita informe á profesora da materia, que ofrece unha explicación razoable sobre o contido abordado na materia.

Nota: Co obxecto de protexer datos ou a entidade das persoas se omite información sensible e non se indica o nome de persoas ou materias mencionadas nas QSP.

Atendendo a outro tipo de aspectos e completando os resultados de tipo cualitativo presentados anteriormente, posibilitase ampliar a visión (de indicadores, tempo de resposta, tipo de usuario e de QSP, comunicado para a resposta, etc.) cos resultados da seguinte táboa. Como pode observarse respondeuse en prazo á totalidade das queixas e suxestións presentadas e a maior parte refírense a problemáticas derivadas da docencia.

Análise complementario sobre as QSP do curso 2015-16

INDICADORES	
Tempo medio resposta	7
% respondidas en prazo	100%
Pendente de resposta	0
Tempo de resposta	QSP
De 1 a 5 días	4
De 6 a 10 días	5
De 11 a 15 días	2
Tipo de usuario	Conta de código
Estudante de grao ou 1º e 2º ciclo	6
Estudante de mestrado ou doutoramento	1
Estudante doutros estudos propios da Universidade de Vigo	1
Outro tipo de usuario externo	1
Persoal de administración e servizos (PAS)	1
Persoal docente e investigador (PDI)	1
Clasificación interna	Conta de código
Parabéns	2
Queixa	7
Suxestión	2
Motivo	Conta de código
Persoas	7
Prestacións	3
Procesos	1
Etiquetas de fila	Conta de código
Correo electrónico	3
Correo postal	1
Non desexo resposta	7
Unidade que responde	Conta de código
Facultade de Ciencias da Educación (docencia)	11
TOTAL XERAL	11

2.1.5. Estado/ Situación dos rexistros de calidade do sistema

De seguido, márcase o nivel do estado ou situación actual na que se atopa o desenvolvemento de cada procedemento e os rexistros/evidencias asociadas (obsérvase a seguinte táboa).

Táboa sobre estado/ situación dos rexistros do SGIC

Procedemento	Código	Registro/Evidencia	Estado/Situación de desenvolvemento			
			C	P	NC	Non Procede
Planificación e desenvolvemento estratéxico	R1-DE01P1	Plan estratéxico do centro				X (Ten carácter voluntario: Tomouse a decisión de agardar pola aprobación do plano estratéxico da Universidade de Vigo para logo desenvolver o programa estratéxico do centro. Con todo, a estratexia non está exenta na facultade e desprégase fundamentalmente a través da política e obxectivos de calidade, que cada ano son revisados e actualizados)
Seguimento e medición	R1-DE02P1	Panel de indicadores	X			
Revisión do sistema pola dirección	R1 -DE03P1	Informe de revisión do sistema pola dirección	X			
Deseño, autorización e verificación das titulacións oficiais*	R1-D00101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación	X			
	R2-D00101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a acreditación dunha titulación	X			
Seguimento e mellora das titulacións	R1-DO0102P1	Informes anuais de seguimento	X			
	R2-DO0102P1	Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG)	X			
	R3-DO0102P3	Informes de revisión interna (U.Vigo)	X			
Suspensión e extinción dunha titulación*	R1-DO0103P1	Resolución de extinción dun título	X			
	R2-DO0103P1	Orde de suspensión e revogación dunha titulación publicada no DOG		X		
Planificación e desenvolvemento da ensinanza	R1-DO0201P1	Informe de Coordinación	X			
	R2-DO0201P1	Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA)	X			
Promoción das titulacións	R1-DO0202P1	Plan de promoción do centro.	X			
Orientación ao estudantado	R1-DO0203P1	Plan de acción tutorial	X			
	R1-DO0203P1	Informe final de avaliación do PAT	X			
Xestión das prácticas académicas externas	R1- DO0204 P1	Criterios de asignación das prácticas curriculares	X			
Xestión da mobilidade	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudantado propio seleccionado	X			
	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudantado de mobilidade alleo	X			

Información pública e rendemento de conta	R1- DO0301P1	Plan operativo de xestión pública	X			
Xestións das queixas, suxestións e parabéns	R1-MC02	Comunicación da QSP	X			
	R2-MC02	Informe e proposta de resposta validados	X			
	R3-MC02	Informe QSP Periódico	X			
Satisfacción das usuarias e usuarios	R1-MC05	Proposta de PAESU	X			
	R2-MC05	PAESU	X			
	R3-MC05	Ficha técnica de deseño da actividade de avaliación	X			
	R4-MC05	Informe de resultados de avaliación	X			
	R5-MC05	Informe de seguimento do PAESU	X			
Definición da Política de PDI e PAS*	IT01-PE02	Documento de suxestións á política de persoal (PDI)	X			
	IT02-PE02	Documento de suxestións á política de persoal (PAS)	X			
Captación, selección e formación de PDI e PAS*	IT01-PA05	Proposta política e criterios de selección e captación do PDI.	X			
	IT02-PA05	Acta de aprobación da política e criterios de selección e captación do PDI.	X			
	IT05-PA05	Acta de suxestións á proposta de formación do PDI.	X			
	IT06-PA05	Acta de suxestións á proposta de contratación do PAS.	X			
	IT08-PA05	Acta de suxestións á proposta de formación do PAS.	X			
Avaliación, Promoción, Recoñecemento e Incentivos de PDI e PAS*	IT08-PA06	Informe de resultados de avaliación do PDI.	X			
	IT16-PA06	Informe de resultados de avaliación do PAS	X			
Xestión de recursos materiais*	IT01-PA07	Criterios de selección de recursos materiais e provedores	X			
	IT02-PA07	Ficha de solicitude do recurso material	X			
Xestión de servizos*	IT01-PA08	Plan de actuación dos servizos permanentes do centro.	X			
	IT012PA08	Informe de resultados dos servizos contratados	X			

*Os rexistros sinalados con fondo gris correspóndense a procedementos que están actualmente en proceso de revisión e actualización pola Área de Calidade da Uvigo

Lenda:

Desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación	
Realizada parcialmente (non dispoñible para todas as titulacións do centro, non rexistrada...)	
Non comezada para ningunha titulación	
Non procede	

2.2. Análise de resultados (valoracións)

Fundamentalmente, a partir dos datos/resultados obtidos no portal de transparencia da UVigo (<https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>) realízase de seguido unha valoración e reflexións sobre os mesmos.

2.2.1. Análise e valoración sobre a política e obxectivos de calidade

Tendo en conta o actual desenvolvemento e o clima do Centro parece apropiado continuar mantendo a política de calidade da Facultade. Pola súa banda, os obxectivos de calidade previstos para o curso 2015-16 e seguintes, como se puxo de manifesto nos resultados presentados, acadaron en liñas xerais ás metas propostas e, incluso, nalgúns casos sobrepasaron a previsión inicial.

Os propósitos relacionados co perfil e demanda dos títulos foron cumpridos satisfactoriamente. Á vista dos resultados acadados pódese soste que o Centro dispón dunha axeitada oferta formativa respecto da demanda, así coma con relación ao nivel de ocupación da titulación (neste caso o resultado medio do Grao e Mestrado é moi bo), ao igual que o referido á preferencia. Estes resultados poñen de manifesto que a boa parte da xuventude lle resulta atractivo elixir o noso Centro e cursar estudos nas titulacións que ofertamos. A nosa Facultade goza dunha gran demanda entre a poboación obxecto de emprender estudos universitarios. Por iso é importante que continuemos mellorando o nivel de satisfacción do alumnado e dos demais grupos de interese, aínda que superamos levemente a meta establecida.

En canto á duración dos estudos os resultados son bastante satisfactorios, así como a taxa de graduación, xa que en liñas xerais se sitúan no previsto. O noso alumnado conta cun bo rendemento e iso, posiblemente, xunto ao nivel de satisfacción manifestado fai que o abandono fose baixo, en particular no curso 2015-16; e a taxa de éxito acada presenta moi bo nivel, tanto nos Graos, coma nos Mestrados. Xunto a estas conclusións interesa coñecer o tempo medio do alumnado egresado para atopar traballo pero de momento non dispoñemos de resultados individualizados do noso Centro, nin específicos dos respectivos títulos da Facultade. Nesta liña tamén sería interesante contar con datos suficientes para poder valorar a satisfacción das entidades empregadoras.

Polo referido, o Centro está en condicións de manter e asumir algún novo reto nas Metas de calidade de cara a este mesmo curso académico (2016-17) e, previsiblemente, para o futuro. Con todo, entendemos que é recomendable ser prudentes, xa que ao trazar metas globais e contando coas pequenas oscilacións existentes, nun ou noutro título, resulta arriscado (pois 7 títulos son un número elevado para que un Centro poida establecer metas globais sen risco).

As decisións sobre os cambios aplicados as Metas de Calidade do Centro tomáronse a partir de fundamentos sólidos, ao apoiarse nos resultados obtidos no curso pasado e colindantes. Os cambios detectados son un punto de partida para realizar propostas un pouco máis ambiciosas nalgunhas metas de

calidade do Centro, como se reflite de seguido, asociadas cos diferentes procedementos de Calidade implantados.

- *Procedementos Estratéxicos*

Unha vez que se conseguiu dispor de resultados que permiten ter unha referencia sobre a situación, delimitábase a meta de calidade para o indicador que seguidamente se indica en 1º lugar e incrementábase para o 2º:

- “Grao de satisfacción das persoas tituladas”: ≥ 3 sobre 5. Esta meta pode establecerse agora, ao dispor de resultados sobre o indicador.
- “Grao de satisfacción do profesorado”: ≥ 4 sobre 5 (meta anterior $\geq 3,5$ sobre 5).

- *Procedementos Clave*

Modifícanse para os indicadores:

- “Ocupación da titulación”: $\geq 80\%$ (meta anterior $\geq 60\%$).
- “Preferencia”: $\geq 80\%$ (meta anterior $\geq 75\%$).
- “Adecuación” $\geq 80\%$ (meta anterior $\geq 70\%$).
- “Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza”: 3 sobre 5. Esta meta pode establecerse agora, ao dispor de resultados sobre o indicador.
- “Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza”: ≥ 4 sobre 5 (meta anterior $\geq 3,5$ sobre 5).
- “Taxa de abandono”, a meta nos Graos establécese: $< 20\%$; e para os Mestrados: $< 5\%$ (anterior meta global: 10-15%). Considerando as fluctuacións existentes entre os resultados dos títulos de Grao respectos dos de Mestrado o razoable é establecer, de modo excepcional, para este indicador metas distintas para os títulos de Grao e de Mestrado.

- *Procedementos de Soporte*

Tendo en conta tamén os datos e unha vez que se conseguiu dispor de resultados que permiten dispor dunha referencia sobre a situación, concrétese a meta para o indicador:

- “Cualificación do PDI”: Doutores/as $\geq 50\%$; Profesorado con dedicación a Tempo Completo $\geq 50\%$; Prof. con Vinculación Permanente $\geq 50\%$. Esta meta pode establecerse agora, ao dispor de resultados sobre o indicador.
- “Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)” $\geq 40\%$. Esta meta pode establecerse agora, ao dispor de resultados sobre o indicador.

Unha vez revisadas e realizados os cambios, pode verse a versión final das Metas de Calidade do curso 2016-17 e seguintes neste enlace: <http://educacion-webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2013-08-19-10-01-30/politica-e-obxectivos-de-calidade>

Finalmente, cabe indicar que á vista da situación descrita é razoable que o Centro teña solicitado someterse a avaliación para optar a Certificación do SGIC, e xa está confirmada para desenvolverse a visita no mes de maio de 2017.

2.2.2. Análise e valoración relacionadas cos recursos humanos (PDI e PAS)

Como está acontecendo nos últimos cursos no resto das universidades do estado español, os resultados sobre a cualificación do PDI mostran globalmente unha perda de capital humano no sector docente asociado coa categoría de Profesorado Titular de Universidade e na nosa facultade nos títulos de Grao existe un volume elevado de profesorado asociado. Con todo, este persoal supón un valor importante para a formación dos títulos, ao ser profesionais cualificados cunha ampla experiencia práctica, aínda así parece recomendable que o profesorado estable non diminúa, nin sexa substituído cando se xubila por profesores asociados, como está sucedendo nos últimos anos. En relación ao número de doutores-as dos respectivos títulos, salvo excepcións, no curso 2015-16 conta cun volume máis elevado e obsérvase que nos Mestrados a porción de profesorado doutor é superior ca nos Graos, isto é consecuencia das propias esixencias internas que establecen algúns mestrados.

En canto ao número de sexenios do PDI, tendo en conta as dificultades e o elevado nivel de esixencia deste mérito, pódese dicir que a situación é relativamente satisfactoria; porén, como tamén sucede noutras universidades españolas o número dos obtidos é inferior aos potenciais, xa que o profesorado adoita contar cunha produción de maior calidade nos anos anteriores e posteriores a conseguir unha praza estable. É normal que nestes momentos se atope en condicións ou faga un esforzo por producir e colocar, o mellor posible, os seus traballos e ademais que estea nestes momentos nunha excelente situación intelectual e vontade para facelo.

Por outra parte, cabe referir que as enquisas de avaliación docente do curso 2015-16, en xeral, nos diferentes títulos do Centro revelan valores satisfactorios no relativo ao nivel de satisfacción co labor docente do profesorado que imparte a docencia.

Respecto do PAS hai que indicar que os resultados reflicten un grande interese por formarse, xa que acode un gran número de persoal a cursos de formación.

2.2.3. Análise e valoración asociadas aos recursos materiais e infraestruturas

Os resultados sobre os recursos son satisfactorios. Neste sentido, cabe destacar que os recursos e instalacións obteñen boas valoracións por parte do alumnado á hora de manifestar o seu grao de satisfacción: teledocencia e ferramentas multimedia, laboratorios e aulas informáticas, aulas e equipamento, fondos bibliográficos e espazos destinados ao traballo autónomo. Isto consideramos que se debe a que en liñas xerais a nosa Facultade goza de infraestruturas e recursos materiais moi adecuados e que responden ao cometido principal que esta ten. Desde unha análise e valoración cualitativa, e práctica, con repercusión directa na calidade da docencia e a aprendizaxe, cabe resaltar que se ampliou e mellorou a cobertura respecto aos novos recursos tecnolóxicos nas aulas. Así mesmo, mellorouse a conexión wifi na

Facultade, xa que asegurar a cobertura e renovar os recursos informáticos son accións prioritarias nos planos de mellora deste centro cada ano.

No caso das infraestruturas, o feito de que sexan ben valoradas tamén se pode deber a que se conta cunhas instalacións modernas e amplas, que curso tras curso se revisan e acometen obras para manter en bo estado os inmobles. O edificio central da Facultade e os seus anexos están equipados con recursos de novas tecnoloxías e as aulas contan con: equipo informático, proxectores, pizarras dixitais, etc. Estes equipos foron actualizados ou cambiados no curso 2015-16, atendendo a avaliación rutineira que realiza o técnico informático curso tras curso. Cabe indicar que todos os edificios e os arredores do campus dispoñen de conexión wifi. Ademais no curso 2015-16 leváronse a cabo diversas obras para continuar mellorando a sinal wifi e a accesibilidade ao Centro a persoas con mobilidade reducida.

Un feito a destacar sobre as infraestruturas é a súa adecuación ao proceso formativo, atendendo ao carácter e modalidade de estudos dos títulos do Centro. Neste sentido, hai que sinalar que se conta cun número suficiente de aulas, salas de estudo, aulas de informática, laboratorios, salas de reunións, biblioteca etc. Ademais todas estas instalacións atópanse en perfecto estado e posibilitan o confort necesario aos colectivos que as utilizan. Á vez, os recursos materiais postos a disposición do estudantado son adecuados atendendo ás características e modalidade de ensino ofertado polos respectivos título, o seu plan de estudos, as competencias que deben desenvolver, tal como xa se xustificou no seu día na Memoria Verificada dos títulos. Cabe salientar que a Facultade de CC. da Educación presta unha especial atención á actualización e adquisición de equipamentos informáticos, material científico, técnico e para uso artístico/creativo atendendo á tipoloxía das materias impartidas e das profesións para as que se prepara o alumnado.

2.2.4. Análise e valoración vinculadas coa satisfacción

Primeiramente cabe sinalar que os resultados sobre a participación nas enquisas de satisfacción das titulacións poñen de manifesto que, en xeral, non é elevada por parte dos diferentes grupos de interese (alumnado, profesorado, persoas tituladas e PAS). Hai que sinalar que existe certa tendencia a unha maior participación nos Mestrados que nos títulos de Grao. O Centro fai un esforzo importante, curso tras curso, para que todos os colectivos se impliquen nesta tarefa pero, en particular, o estudantado presenta certo desencanto ante a cobertura destas enquisas, entendendo que non derivan directa e rapidamente en medidas que posibiliten o tratamento dalgunha problemática existente ou latente.

No curso 2015-16 o nivel de satisfacción dos estudantes sitúa ao Centro, nunha valoración, en 3,12, semellante ás das titulacións do ámbito (3,16) e á do conxunto da Universidade de Vigo (3,15). Está puntuación superior a 3 acádase no curso 2015-16 en todos os títulos do Centro (4 Graos e 3 Mestrados). A partir do afondamento nas puntuacións pode observarse que entre as cuestións mellor valoradas, en todos os títulos, se atopa:

- “A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios..).”

Sobre o anterior hai que traer a colación que a información referida se publica na web do Centro e normalmente tamén o profesorado lla facilita ao alumnado a través da plataforma de teledocencia. Neste sentido, tamén se atopan entre os ítems mellor valorados polo alumnado en dous Mestrados as propias “plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia”.

No caso das persoas tituladas entre os aspectos mellor valorados están a “A utilidade das prácticas académicas externas”, así como “Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca)”. Pola súa banda, o profesorado o que máis valora é a “Satisfacción cos obxectivos e competencias” e a “Satisfacción cos Recursos Humanos”. Posiblemente esta valoración positiva se deba a que no primeiro caso se trata dunha das tarefas principais dos-as propios-as docentes e no segundo porque precisa os medios para acadar os obxectivos e desenvolver as competencias no alumnado.

Por outra parte, respecto ás cuestións peor valoradas, agás excepcións, acadan puntuacións ao redor ou superior a 3/5, aínda que existe certa flutuación, en función da titulación, que non permite determinar con exactitude cales poden ser as que representan un menor grao de satisfacción.

Tendo en conta o referido, ao Centro interésalle continuar mellorando o grao de participación e satisfacción dos colectivos obxecto de interese.

2.2.5. Análise e valoración asociadas a queixas, suxestións e parabéns

En canto as QSP, cabe indicar atendendo aos resultados obtidos que, en especial, as queixas presentadas polos grupos de interese, na súa maior parte, proceden do sector do estudantado de Grao e están asociadas con problemáticas derivadas da docencia. En todo caso, as queixas presentadas foron analizadas e déuselle a resposta máis factible, dentro das posibilidades coas que conta o centro (no prazo establecido), e resultou aceptable para as persoas interesadas. Neste sentido cabe resaltar que foron resoltas o 100% das queixas, na súa maioría, nun período dunha semana, o que pon de manifesto un elevado nivel de entrega do equipo decanal e dos departamentos con docencia nesta Facultade.

En canto ás suxestións, que se relacionaron principalmente coa plataforma Fatic, foron tomadas en conta e explicóuselle ao alumnado a situación de cambio e actualización na que se atopaba esta. Por último, cabe destacar os parabéns á nosa facultade da man do alumando ERASMUS entrante, polas saídas a rutas diversas de interese formativo, cultural e lúdico que lle atribúen, e que poñen de manifesto a inclusión de metodoloxías innovadoras nos títulos do Centro.

III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

De seguido preséntase o estado da situación das melloras propostas nos Informes de Seguimento de Título do curso académico 2015-16, atendendo ás respectivas titulacións do Centro.

3.1. TÍTULOS DE GRAD

Grao en Educación Infantil

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Adquisición de tecnoloxías punteiras para facilitar o seu uso didáctico	x			
Corrección de erros detectados na memoria Verifica	x			
Equiparación do proceso de recoñecemento de créditos nos 3 centros para o alumnado de Infantil			x	
Soporte de tecnoloxía punta como medio para facilitar a coordinación docente nos títulos e a súa xestión administrativa	x			
Ampliación dos puntos de conexión eléctrica das aulas	x			
Renovación dos equipos informáticos do Laboratorio de NNTT 2.	x			
Articulación e redeseño dun novo espazo para almacenamento de materiais de intervención didáctica para o ámbito da E. Física		x		
Debate e proposta de mellora do procedemento de asignación de títors-as de TFG.	x			
Mellora do sistema de rúbrica para a avaliación do Prácticum,		x		
Identificación, descrición e tipificación do estilo docente do profesorado dos títulos e impacto sobre a motivación, compromiso e expectativas profesionais do alumnado de infantil e primaria.	x			
Análise de variables predictoras de rendemento académico no TFG dos graos de Infantil e Primaria.		x		
Articulación do laboratorio de protocolos e instrumentos para a avaliación do desenvolvemento psicomotor		x		
Poñeranse en marcha medidas de coordinación inter-centros que fomenten a coordinación inter-profesorado das mesmas materias para a elaboración consensuada das guías docentes seguindo as directrices da Memoria Verifica.	x			

Grao en Educación Primaria

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Adquisición de tecnoloxías punteiras para facilitar o seu uso didáctico.	x			
Soporte de tecnoloxía punta como medio para facilitar a coordinación docente nos títulos e a súa xestión administrativa.	x			
Ampliación dos puntos de conexión eléctrica das aulas.	x			
Renovación dos equipos informáticos do Laboratorio de NNTT 2.	x			
Articulación e redeseño dun novo espazo para almacenamento de materiais de intervención didáctica para o ámbito da E. Física.		x		
Debate e proposta de mellora do procedemento de asignación de títors-as de TFG.	x			
Mellora do sistema de rúbrica para a avaliación do Prácticum.		x		
Identificación, descrición e tipificación do estilo docente do profesorado dos títulos e impacto sobre a motivación, compromiso e expectativas profesionais do alumnado de infantil e primaria.	x			
Análise de variables predictoras de rendemento académico no TFG dos graos de Infantil e Primaria.		x		
Articulación do laboratorio de protocolos e instrumentos para a avaliación do desenvolvemento psicomotor.		x		
Unificación de competencias de titulación da Memoria Verifica nas guías docentes.	x			

Poranse en marcha medidas de coordinación inter-centros que fomenten a coordinación inter-profesorado das mesmas materias para a elaboración consensuada das guías docentes seguindo as directrices da Memoria Verifica.	x			
Distribución de información sobre <i>software</i> antiplaxio entre estudantes e docentes.		x		
Titoría entre iguais co alumnado estranxeiro.			x	
Instarase aos responsables da Universidade para que potencien a implantación do programa DOCENTIA como instrumento de avaliación e acreditación do profesorado.	x			

Grao en Educación Social

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Incrementar os recursos tecnolóxicos dos edificios, así como o uso a distancia de ditos recursos (enchufes para conexións portátiles, wifi, equipos aulas, equipos laboratorios específicos, mantemento de equipos...)		x		
Fomentar a coordinación do profesorado en aqueles aspectos no que presenta maior debilidade o título (Xornadas de acollida, Problemas docentes de inicio de curso, Guías, Prácticum, Dirección e defensa de TFG, racionalización de carga de traballo).	x			
Fomentar a incorporación de Educadores/as sociais a programas de formación investigadora (mestrados, bolsas...), con posibilidade de colaborar na docencia.		x		
Reforzar as liñas de colaboración co colexio de educadores e educadoras e con profesionais para visibilizar a titulación e contribuír á formación integral e permanente do alumnado.		x		
Implicar ao alumnado e /ou egresados na explicación das características dos título a futuros estudantes nos Institutos de Educación Secundaria.		x		
Mellora dos acordos de intercambio, particularmente con Latinoamérica.		x		
Detectar as causas de abandono e o atraso na finalización dos estudos e establecer medidas de corrección.		x		

Grao en Trabajo Social

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Incrementar a porcentaxe de alumnado que elabora e presenta o TFG en primeira e segunda convocatoria.	x			
Formular accións de axuda ao alumnado de primeiro que se incorpora tarde.		x		
Consulta a empregadores-as, asociacións e egresados-as.		x		
Listaxe de docentes de Trabajo Social.	x			
Uso de redes sociais como fórmula promocional para darlle visibilidade ao título.	x			
Escaso profesorado a tempo completo na titulación.		x		

3.2. TÍTULOS DE MESTRADO

Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Ampliación dos puntos de conexión eléctrica das aulas.	x			
Soporte de tecnoloxía punta como medio para facilitar a coordinación docente nos títulos e a súa xestión administrativa.	x			
Adquisición de tecnoloxías punteiras para facilitar o seu uso didáctico.	x			
Renovación dos equipos informáticos do Laboratorio de NNTT 2.	x			
Articulación do laboratorio de protocolos e instrumentos para a avaliación do desenvolvemento psicomotor.		x		
Solicitude de modificación do plan de estudos.	x			

Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Elaboración dun procedemento normalizado de coordinación docente.		x		
Incrementar o número de xuntanzas de coordinación con evidencias escritas.		x		
Mellorar o grao de satisfacción do alumnado co título.	x			
Mellorar os procesos de planificación e desenvolvemento.		x		

Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Crear comunidade de egresados/as			x	
Reorganización da CA				x
Mellorar representación estudantil			x	
Inclusión de Profesores de Practicas en tribunais de TFM				x
Nomear Coordinador/a de Prácticas Externas		x		
Ampliar horas de prácticas	x			
Grupo de módulo común de FP	x			
Modificar fichas de materias en Memoria Verifica				x
Análises de resultados			x	
Mellorar a coordinación do profesorado		x		
Creación de seminarios profesionalizantes.		x		
Coordinación dos procesos del SIGC.			x	
Diseñar enquisas para recoller información sobre os titores de prácticas.			x	

Preparar accións para fomentar a participación do alumnado e profesorado nas enquisas de satisfacción.	X			
Ampliar a información na Páxina WEB propia sobre os docentes da titulación.	X			
Implantación do PAT específico para esta titulación.	X			
Visualizar desde a páxina web propia todos os procedementos e evidencias nos que está implicada a titulación.		X		
Medidas de mellora de satisfacción dos estudantes coa Planificación e desenvolvemento das ensinanzas.		X		

***Lenda:**

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

IV. (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

Unha vez revisados os resultados sobre o estado/situación das accións de mellora propostas, preséntanse a través dos respectivos hipervínculos as novas accións planeadas, fundamentalmente, de cara a desenvolverlas no curso académico 2017-18.

De seguido pódese visualizar cada unha das accións premendo o correspondente enlace:

4.1. TÍTULOS DE GRADO

- [Grao en Educación Infantil](#)
- [Grao en Educación Primaria](#)
- [Grao en Educación Social](#)
- [Grao en Traballo Social](#)

4.2. TÍTULOS DE MESTRADO

- [Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos](#)
- [Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos](#)
- [Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas](#)

V. CONCLUSIÓNS GLOBAIS E ACORDO

Tras analizar neste documento a información relacionada co funcionamento do Sistema de Garantía Interno de Calidade e o do conxunto do Centro **cabe concluír que:**

- As metas acadadas responden en boa medida á política e aos obxectivos de calidade marcados pola Facultade de CC. da Educación, como se puxo de manifesto nos resultados aportados no presente Informe.
- En xeral existe unha evolución e mellora considerable en todos os aspectos asociados á implantación e desenvolvemento do Sistema Interno de Garantía de Calidade. Neste sentido cabe resaltar o avance asociado coas cuestións de sistematización da información, rexistros/evidencias e mecanismos de transparencia e o rendemento de contas. En consecuencia deuse mostra disto no apartado referido ao estado/situación dos rexistros de calidade do sistema.
- Cabe resaltar que os resultados académicos do alumnado da Facultade de CC. da Educación de Ourense, en liñas xerais, considéranse moi axeitados nas materias de todas as titulacións do centro, tanto nos Graos coma nos Mestrados.
- Desde unha perspectiva histórica as accións de mellora propostas levan alcanzado un bo nivel de consecución que permite continuar afrontando novos retos, tal como se pon de manifesto no estado da súa situación e nas novas propostas de mellora propostas desde os respectivos títulos. É de referir que, en xeral, o seu impacto é percibido polos grupos de interese de forma satisfactoria, sentíndose co-partícipes destas.
- Os avances na perspectiva e no traballo desenvolto pola Comisión de Calidade ten sido moi importantes, pois pódese dicir que como ente plural que é está a funcionar de xeito dinámico, operativo e eficiente. De feito, está a ser o escenario principal para a reflexión, diálogo, debate, análise e toma de acordos e decisións co obxecto de mellorar o Centro e de responder ás esixencias do SGIC. Coa representatividade pertinente que abrande, a Comisión de Calidade pon de manifesto a consolidación dunha cultura de colaboración, en constante crecemento, como se desprende das evidencias que se plasman nas respectivas Actas e os seus anexos.
- Na actualidade, os diversos colectivos lévanse implicado satisfactoriamente nos procesos de calidade, aínda que isto lle ten suposto moita dedicación e un grande esforzo, en particular ao profesorado (que trata de buscar tamén a mellora na súa faceta académica e investigadora). É este sector o que sente que nos procesos asociados coa Calidade se lle esixe máis, cando entende que a súa principal actividade ten que ser a docencia e a investigación. A este persoal supónlle un enorme reto as múltiples tarefas de xestión vinculadas coa Calidade. É un feito a falla de apoio continuado de PAS e de recursos dixitais de tipo específico, para levar a cabo as numerosas accións de xestión, coordinación, seguimento, sistematización, arquivo e almacenamento de evidencias que lle demandan as esixencias do SGIC, ademais, inescusablemente, das docentes e

investigadoras. Con todo, tanto o profesorado coma os diferentes grupos de interese están a asumir as esixencias e dinámicas ligadas a este modelo de Calidade e, mesmo, recoñecen a repercusión, especialmente, no que ten de positivo para a práctica docente. Isto último parécenos especialmente relevante.

Finalmente, por todo o referido neste informe, cabe salientarse que o Centro está en condicións axeitadas para someter a avaliación os títulos de Grao (os 3 de Mestrado xa renovaron a súa acreditación en 2015), e SGIC e, previsiblemente de superalas positivamente.

Así mesmo acórdase:

Tanto na xuntanza da CGIC, como na da Xunta de Centro compartíronse diferentes impresións e fixéronse distintas reflexións sobre o contido do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección para rematar validando a Comisión de Garantía Interna de Calidade da Facultade e aprobando a Xunta de Centro, en ambos os casos por asentimento, o día 30 de xaneiro de 2017.

5.1. Listaxe de asistentes á reunión da CGIC na que se validou o informe final

De seguido indícase a listaxe dos respectivos membros e representación que exercen como membros da CGIC:

García Señorán, Mar: Presidenta (Decana)

Ricoy Lorenzo, M. Carmen: Secretaria (Coord. de Calidade e enlace igualdade).

PDI

Díaz Pereira, Pino (Coordinadora do Grao de Educación Infantil)

Conde Rodríguez, Ángeles (Coordinadora do Grao de Educación Primaria)

Rodríguez Castro, Yolanda (Coordinadora do Grao de Educación Social)

Verde Diego, Carmen (Coordinadora do Grao de Traballo Social)

García Núñez, F. Javier (representante por delegación no Mestrado de Diversidade).

Fernández Sobrino, R. Ángel (repres. por delegación no Mestrado de Secundaria).

Iglesias Sarmiento, Valentín (repres. por delegación no Mestrado de Dificultades).

ALUMNADO

López Riveiro, Fernando (representante do estudantado)

Pato Rodríguez, Santiago (representante do estudantado egresado)

PAS

Varela Castro, Carlos Á. (representante por delegación da administradora de Centro).

5.2. Listaxe de asistentes á reunión da Xunta de Centro na que se aprobou o informe final

SECTOR PROFESORADO

Blanco Sierra, Javier
Carrera Fernández, M. Victoria
Cid Fernández, Xosé Manuel
Conde Rodríguez, Ángeles
Dapía Conde, María Dolores
De La Montaña Miguélez, Julia M^a D.
Deaño Deaño, Manuel
Díaz Pereira, M^a Del Pino
Doval Ruiz, M^a Isabel
Failde Garrido, José María
Fernández Sobrino, Ramón Ángel
García Núñez, Francisco Javier
García Señorán, M^a Del Mar
González Fernández, Antonio
Gutiérrez Izquierdo, Ramón
Herrera Ruiz, M. Jesús
Iglesias Álvarez, Ana
Iglesias Sarmiento, Valentín
Lombardero Posada, Xoan
López Castedo, Antonio
López Viso, Mónica
Mayobre Rodríguez, Purificación
Mcnicholls, Stuart John
Membiela Iglesia, Pedro
Méndez Fernández, Ana Belén
Mociño González, Isabel
Ocampo Gómez, Camilo
Prada Rodríguez, Julio
Raposo Rivas, Manuela
Ricoy Lorenzo, María Carmen
Rodríguez Castro, Yolanda
Verde Diego, Carmen
Vidal López, Manuel

SECTOR ALUMNADO

Adalid Rodríguez, Rafael José
Alonso Ruído, Patricia
Castro Meseguer, Nerea
Cortés Contreras, Aarón Jesús
López Riveiro, Fernando

Ruíz Soriano, Laura

PAS

García Eirin, José Manuel

Lorenzo Fungueiriño, Juan José

Varela Castro, Carlos Ángel

VI. ANEXOS

A información referida a anexos foi hipervinculada nos respectivos apartados, dentro do corpo do documento, nos que se fixo referencia a ela.